

Plan Anual de Lectura 2024-25

HORA DE LER



Segundo as instrucións sobre organización e funcionamento da biblioteca escolar da Dirección Xeral de centros e RRHH, de 1 de setembro de 2020, indícase que “Desde a biblioteca escolar coordinaranse as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro e deberán contemplarse os beneficios de experiencias xa contrastada como a Hora de Ler, actividades de lectura compartida ou os clubs de lectura, nas súas diferentes fórmulas”.

Enmarcándose dentro do Plan Anual de Lectura 2024-25, comezaremos cun novo proxecto para o noso centro: A Hora de LER. O obxectivo primordial é o fomento e animación á lectura do noso alumnado para mellorar a súa comprensión lectora e, por extensión, a súa capacidade de expresión.

Para quen?

Dirixiremos esta actividade ás alumnas e alumnos da ESO: **1.º ESO, 2.º ESO, 3.º ESO, 4.º ESO e FP básica (1.º e 2.º).**

Cando?

Comezaremos **o luns 30 de setembro de 2024.**

Como?

A Hora de Ler será rotativa. Consistirá en **50 minutos** semanais de lectura: a primeira semana será na primeira sesión, na segunda semana será na segunda sesión e, así sucesivamente ao longo do curso escolar ata o **9 de xuño de 2025.**

No caso da FP básica, a Hora de Ler só se fará nas clases de ámbitos e terá o seu propio calendario.

Haberá un calendario que estará en todas as aulas e na sala de profesorado e que permitirá informar das sesións de Hora de Ler.

Será necesaria a participación e mesmo o compromiso de todo o profesorado para que todo o alumnado cumpra as normas da Hora de Ler.

Para levar a cabo esta Hora de Ler, pódense dar diferentes modalidades, de xeito que o alumnado poderá:

-Ler libros dunha caixa que preparará previamente o grupo de voluntariado da biblioteca, co asesoramento, axuda e supervisión do equipo Plambe, con lecturas de xéneros e formatos variados e organizadas por niveis e grupos.

-Optar por lecturas de libre elección, que poderán traer da súa casa ou coller en préstamo na biblioteca previamente.

-Empregar os ordenadores de Edixgal para ler en formato electrónico a través da plataforma dixital Elbe.2 ou outras.

Ademais, o profesorado poderá propoñer e empregar lecturas relacionadas co currículo da súa materia.

Pretendemos que a Hora de ler sexa adaptable e diversa para darlle a oportunidade ao alumnado de que atope o pracer na lectura, de que adquira un hábito lector e entenda os beneficios da lectura na escola e fóra dela.

Avaliación e autoavaliación

- A avaliación desta actividade farase por medio de cuestionarios, un dirixido ao profesorado e outro ao alumnado ao final do curso.

- Ademais, nas reunións da CCP que se celebran ao longo do curso e nas avaliacións poderase valorar o propio desenvolvemento da actividade, así como as posibles melloras.